



ANUNCIO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE ALLEAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE POXA PÚBLICA DUNS BENS INMOBLES SITUADOS NOS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A BAÑA E TOURO

Ás 11:00 horas do 21 de xullo de 2022 terá lugar no salón de actos nº 2 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela) perante a mesa presidida polo secretario xeral técnico e do Patrimonio, ou persoa en quen delegue, coa asistencia dun letrado da Asesoría Xurídica, un representante da Intervención Xeral e un funcionario da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, que actuará como secretario, a primeira, segunda, terceira e cuarta poxa dos lotes de bens patrimoniais que a seguir se describen, cuxo alleamento foi acordado polas ordes da Consellería de Facenda e Administración Pública do 29/11/2021, 04/05/2022, 09/05/2022 e 13/05/2022.

Primeira, segunda e terceira poxa:

1. Parcela de aproximadamente 230 m², sita no lugar dos Torreis de Abaixo, polígono 513, parcela 2013, Agra de Abaixo, no concello de Touro (A Coruña). Inscrita no Rexistro da Propiedade de Arzúa como finca núm. 23.102 de Touro, ao folio 110 do Libro 123, Tomo 856. Referencia catastral: 15086B513020130000QB.

Tipo de licitación, primeira poxa: 2.892,74 €
Tipo de licitación, segunda poxa: 2.458,83 €
Tipo de licitación, terceira poxa: 2.024,92 €

2. Terreo cunha superficie de 358 m², en orixe caseta de legoeiros, situada xunto á estrada autonómica actualmente identificada como AC-240 de Ponte Ulla a Touro, ao seu paso polo lugar de Quintas, parroquia de Prevediños, no Concello de Touro (A Coruña). Inscrita no Rexistro da Propiedade de Arzúa ao tomo 873, libro 128, folio 160, predio 24103. Referencia catastral: 15086C504020020000KL.

Tipo de licitación, primeira poxa: 7.167,80 €
Tipo de licitación, segunda poxa: 6.092,63 €
Tipo de licitación, terceira poxa: 5.017,46 €

3. Labradío de 13 áreas e 93 centiáreas, ó sitio de "Agro dos Cruceiros", concello da Baña, nº 380 do plano xeral de concentración parcelaria de San Miguel de Cabanas. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira como finca nº 17.437 ao tomo 867, libro 157, folio 105. Referencia catastral: 4588908NH2548N0001RO.

Tipo de licitación, primeira poxa: 18.805,50 €
Tipo de licitación, segunda poxa: 15.984,68 €
Tipo de licitación, terceira poxa: 13.163,85 €





Cuarta poxa:

1. Parcela nº 187 "Lagos", sita en San Xoan de Fecha (Santiago de Compostela), cunha superficie aproximada de 13.934 m². Inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago de Compostela como finca 22.930, tomo: 1.202, libro: 244, folio: 184. Referencia catastral: 15079C503001870000WK.
Tipo de licitación: 5.016,24 €

2. Parcela nº 254 "Chan dos Montes", situada en San Xoán de Fecha (Santiago de Compostela), cunha superficie aproximada de 19.610 m². Inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago de Compostela como predio nº 22.936, tomo 1.202, libro 244 e folio 187. Referencia catastral: 15079D503002540000LD.
Tipo de licitación: 7.060,00 €.

Para tomar parte na poxa é requisito indispensable consignar o 20% da cantidade sinalada como tipo de licitación do inmovible perante a mesa, ou acreditar que se depositou tal cantidade na Tesouraría Xeral da Xunta de Galicia a disposición da Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio

Serán por conta dos adxudicatarios os custos dos anuncios (rateados segundo os tipos dos lotes), así como os orixinados pola adxudicación e formalización da escritura pública de venda; os demais gastos e impostos derivados da transmisión serán de aplicación conforme ao disposto na lei.

O prego de condicións que rexe este alleamento está a disposición dos interesados na páxina web da Consellería de Facenda: (<http://www.conselleriadefacenda.es/a-conselleria/transparencia/contratacion-patrimonial/poxas/vendas>)

Teléfonos de información: 981544151 - 981957811 – 981544427

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
O secretario xeral técnico e do Patrimonio
Jorge Atán Castro

